

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo coa Lei xeral de sanidade, cal dos seguintes NON é un dereito dos usuarios das administracións públicas sanitarias?

- A) Elixir o médico e os demais sanitarios titulados de acordo coas condicións contempladas nesta Lei, nas disposicións que se diten para o seu desenvolvemento e nas que regulen o traballo sanitario nos centros de saúde.
- B) Que se lle asigne un médico e un enfermeiro, cuxos nomes se lle darán a coñecer, que serán os seus interlocutores principais co equipo asistencial. En caso de ausencia, outro integrante do equipo asumirá tal responsabilidade.
- C) A confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.
- D) Ser advertido de si os procedementos de prognóstico, diagnóstico e terapéuticos que se lle apliquen poden ser utilizados en función dun proxecto docente ou de investigación.

2. O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase tendo en conta:

- A) A idade, o nivel do título esixido para o ingreso e o tipo de nomeamento.
- B) A idade, o xénero e o nivel do título esixido para o ingreso.
- C) O xénero, a función desenvolvida e o nivel do título esixido para o ingreso.
- D) A función desenvolvida, o nivel do título esixido para o ingreso e o tipo de nomeamento.

3. Segundo o artigo 43 da Constitución española, os poderes públicos fomentarán:

- A) A educación social, a educación física e o deporte.
- B) A educación sanitaria, a educación física e o deporte.
- C) A educación sanitaria, a educación cultural e o deporte.
- D) A educación social, a educación sanitaria e a educación cultural.

4. De acordo co artigo 16 da Lei Orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, indique a resposta INCORRECTA:

- A) Dentro do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde constituirase unha comisión contra a violencia de xénero.
- B) A comisión contra a violencia de xénero estará composta por representantes de todas as Comunidades Autónomas con competencias na materia.
- C) A comisión contra a violencia de xénero emitirá un informe anual que será remitido ao Observatorio estatal da Violencia sobre a Muller e ao Pleno do Consello Interterritorial.
- D) O presidente da comisión contra a violencia de xénero informará semestralmente ao Valedor do Pobo das actuacións levadas a cabo na materia.

5. De acordo co Decreto 206/2005, un dos requisitos dos aspirantes para poder acceder nun concurso-oposición pola quenda de promoción interna sería:

- A) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, catro anos na categoría de procedencia.
- B) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, tres anos na categoría de procedencia.
- C) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, dous anos na categoría de procedencia.
- D) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, un ano na categoría de procedencia.

6. Cal dos seguintes NON é un dereito do persoal estatutario dos servizos de saúde?

- A) Manter debidamente actualizados os coñecementos.
- B) Recibir asistencia e protección das administracións públicas.
- C) A mobilidade voluntaria.
- D) A acción social.

7. De acordo coa Lei de Saúde de Galicia, tipifícase como infracción sanitaria grave:

- A) A reincidencia na comisión de infraccións leves nos últimos nove meses.
- B) A reincidencia na comisión de infraccións leves nos últimos seis meses.
- C) A reincidencia na comisión de infraccións leves nos últimos tres meses.
- D) A reincidencia na comisión de infraccións leves no último mes.

8. De quen é a función de elixir de entre os seus membros ao presidente da Xunta de Galicia?

- A) Do Parlamento de Galicia.
- B) Da Xunta de Galicia.
- C) Do Rei.
- D) Do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

9. De acordo coa Lei de Saúde de Galicia, indique cal das seguintes afirmacións é FALSA:

- A) No Sistema Público de Saúde de Galicia están configurados 15 distritos sanitarios.
- B) Cada distrito sanitario contará cun hospital no seu ámbito xeográfico.
- C) A división territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase en 7 áreas sanitarias.
- D) As zonas sanitarias son as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios.

10. De acordo co artigo 12 da Lei Orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, indique a resposta correcta:

- A) O responsable do tratamento estará obrigado a informar ao afectado sobre os medios a súa disposición para exercer os dereitos que lle corresponden.
- B) Os medios deberán ser facilmente accesibles para o afectado.
- C) O exercicio do dereito non poderá ser denegado polo único motivo de optar o afectado por outro medio.
- D) Todas as respostas son correctas.

Preguntas de reserva

1. De acordo coa Lei de Saúde de Galicia, se unha mesma acción ou omisión fose constitutiva de dúas ou máis infraccións, tomarase en consideración:

- A) Unicamente aquela que implique maior sanción.
- B) A totalidade das infraccións cometidas.
- C) Unicamente aquela que implique menor sanción.
- D) Ningunha resposta é correcta.

2. Que lei regula o Estatuto de Autonomía de Galicia?

- A) Lei Orgánica 1/1980, do 5 de abril.
- B) Lei Orgánica 1/1980, do 6 de abril.
- C) Lei Orgánica 1/1981, do 5 de abril.
- D) Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.

